


# POETAS DA COLECCIÓN SALNÉS, AS



## VARIAS

### SINOPSIS

Coa celebración do seu 75 aniversario, Editorial Galaxia recupera o espírito innovador que demostrou nas súas publicacións dende 1950 traendo aos lectores e lectoras do século XXI moitas destas obras que supuxeron unha renovación do mundo cultural galego e, por extensión, tamén da súa sociedade. Esta colección conmemorativa ábrese co presente volume: As poetas da colección Salnés. En 1961 a editorial crea unha colección de poesía en lingua galega, a colección Salnés. Nela publicarán as poetas escolmadas pola profesora Patricia Arias Chachero, responsable tamén do limiar. Todas de procedencias e estilos moi variados, son, María do Carme Kruckenberg, que asina *Canaval de ouro* en 1962; Pura Vázquez, en 1963 con *A saudade i outros poemas*; e María Manuela Couto Viana e Anne Marie Morris, dúas poetas alófonas, autoras de *Frauta lonxana* (1964) e *Voz fuxitiva* (1965), respectivamente. A elas cómpre sumar Xohana Torres, que se inclúe nesta antoloxía porque é a primeira muller en publicar en Galaxia e porque tivo intención de publicar en Salnés, malia non facelo. Cómpre ler os poemas desta escolma tendo moi presente o contexto en que foron pensados, escritos e publicados. Apareceron nunha sociedade fortemente patriarcal onde o discurso católico tradicional definía e condicionaba o sentir e o actuar das mulleres. Só así poderemos valorar a modernidade e importancia do seu traballo. Foron as primeiras, as que romperon barreiras e superaron prexuízos, as que abriron as portas para todas as que vimos detrás. Fixérono cravando a vista nos poucos referentes femininos de que dispuñan, con sororidade, apoiándose unhas nas outras....



<b>Editorial</b>	EDITORIAL GALAXIA S.A.
<b>Materia</b>	POESÍA
<b>Colección</b>	BIBLIOTECA 75 ANOS
<b>EAN</b>	9788411763813
<b>Estado</b>	Dispoñible
<b>Encuadernación</b>	Tapa blanda
<b>Páginas</b>	120
<b>Tamaño</b>	220x150x0 mm.
<b>Precio (Imp. inc.)</b>	18,50€
<b>Fecha de lanzamento</b>	06/03/2025

### Títulos relacionados